

Os libros máis vendidos na primeira metade do ano en Marín son de escritoras galegas

A lista dos libros máis vendidos en Marín neste 2025 ofrece unha panorámica moi diversa das preferencias lectoras da vila. Thriller psicolóxico, narrativa intimista, reflexións sociais, humor e literatura galega de calidade configuran un mosaico que reflicte un público lector atento ás emocións, ao pensamento crítico e ás boas historias.

18 de xullo de 2025, por [Cristina Corral](#)

<https://diariomarin.com/cultura/os-libros-mais-vendidos-na-primeira-metade-do-ano-en-marin-son-de-escriptoras-galegas/>

O primeiro posto no ranking de libro máis vendidos en Marín é para «Asesinato en la casa rosa» ([Lumen](#)), de Arantza Portabales, unha novela de intriga ambientada nun balneario de luxo en Galicia. A historia comeza co afundimento da fachada perfecta dun lugar exclusivo, cando aparece un cadáver e afloran vellos conflitos familiares. É unha trama que mestura suspense, crítica social e retrato humano.

A súa versión en galego, «Asasinato na casa rosa» ([Galaxia](#)), tamén foi das máis vendidas, demostrando que a lectura en galego ten forza cando vai da man dunha historia ben contada.

En segundo lugar aparece «El secreto de la perfección» ([Harper Collins](#)), da marinense [Lola Fernández López](#), unha narración que afonda na presión social, o éxito e o perfeccionismo, onde se dan cita dous amores traizoados separados por séculos. A través das vivencias de varias mulleres, a autora constrúe un relato actual e emocional que convida á reflexión.

Entre as obras máis mercadas atopamos o libro de Miguel Ángel Revilla, «Por qué pasa lo que pasa» ([ESPASA](#)). Propón unha lectura distinta: unha análise social e política en clave de humor, onde o autor debulla as razóns que explican moitas das disfuncións da sociedade actual desde a súa experiencia como político.

Encabeza tamén este *ranking* «El albatros negro» ([PLAZA&JANES](#)), de María Oruña, que engade unha nova entrega á serie dos investigadores da tenente Valentina Redondo. A novela mestura crime, literatura e simbolismo ornitolóxico, cun ritmo áxil e intelixente que mantén en vilo ata a última páxina.

O pontevedrés Manel Loureiro aparece con «Cuando la tormenta pase» ([Planeta de Libros](#)), unha historia de perda, memoria e superación. O autor, recoñecido polos seus *thrillers* apocalípticos, aposta aquí por unha novela máis emocional, sen perder o seu ton áxil e atrapante.

A autora estadounidense Freida McFadden sitúa dúas obras entre as máis vendidas: «La asistente» ([SUMA](#)), onde unha muller entra a traballar nunha casa chea de segredos. Da mesma autora vendeuse tamén amplamente «Tras la puerta» (SUMA), outra historia de tensión psicolóxica con xiros sorprendentes.

Os máis lidos en lingua galega

Dentro da literatura en galego, ademais da mencionada obra de Portabales, destacan «Ata que a morte nos separe» ([Xerais](#)), de Elena Gallego, que aborda a violencia de xénero cun ton comprometido e esperanzador; «Ons» ([Carlos Meixide](#)), de Carlos Meixide, que mestura o misterio e o lirismo na illa do título; «Adeline» (Xerais), de María Solar, unha novela feminista e histórica e «A vida incerta» ([Cumio](#)), de Montse Fajardo, que reflexiona sobre o silencio das vítimas nun momento histórico de represión social.

As vendas no ámbito non narrativo

Fora do ámbito narrativo os lectores e lectoras en Marín decidíronse por «Como mandar a la mierda de forma educada» ([Vergara](#)), de Alba Cardalda, unha mestura de humor e autoestima ou «545 recetas para triunfar» (Planeta de Libros), do cociñeiro Karlos Arguiñano, que combina gastronomía e cercanía.

En definitiva, os libros máis vendidos nesta primeira metade de 2025 en Marín confirman unha tendencia clara: lectoras e lectores que buscan historias que emocionen, interpelen e deixen pegada, xa sexa a través do misterio, da reflexión social ou da reivindicación da identidade propia, e por suposto, tamén en galego.

*Os datos desta reportaxe foron cedidos por [Espazo Lector Nobel de Marín](#)